

Marco Input-Output de Galicia 2005

NOTA DE PRENSA

O Instituto Galego de Estatística publica o Marco Input-Output de Galicia-2005

O obxectivo xeral da operación estatística "Marco Input-Output de Galicia 2005" responsabilidade do Instituto Galego de Estatística (IGE) é consolidar o coñecemento da economía galega, as súas compoñentes e a relación con outras economías do seu contorno. Esta operación é o vértice do Sistema de Contas Integrado de Galicia, que se compón dunha contabilidade trimestral e unhas contas anuais. O novo marco é un instrumento estatístico que ofrece unha imaxe estruturada, simplificada e concreta da economía galega en 2005, e que ademais mellora as estimacións dos principais agregados económicos, xa que constitúe unha base estatística de grande alcance. Ofrece información desagregada para 76 ramas de actividade e 122 produtos.

No Marco Input-Output de Galicia realízase un cambio de base nas estimacións que inclúe novas fontes de información e revisa as estimacións realizadas anteriormente polo IGE, dotándoas de maior consistencia.

As táboas de orixe e destino

No Marco Input-Output de Galicia preséntanse as táboas de orixe e destino. A táboa de orixe ofrece unha imaxe detallada da oferta de bens e servizos para os 122 produtos e por tipo de oferente, distinguindo se esa oferta é producida por produtores residentes ou ben se é importada. No caso da produción interior identifícase cales das 76 ramas da economía galega producen eses bens e servizos.

A táboa de destino amosa os usos da oferta de bens e servizos da economía galega. Estes usos poden dividirse en consumos intermedios e consumo final, investimento ou exportación. Esta táboa preséntase valorada a prezos de adquisición e a prezos básicos. O prezo básico é o prezo que os produtores reciben dos compradores por cada unidade dun ben ou servizo producido. O prezo de adquisición é o prezo que o comprador paga polos bens e servizos que

adquire. A relación entre ambos conceptos é o seguinte: o prezo de adquisición inclúe o prezo básico, os marxes comerciais e de transporte, e os impostos netos sobre os produtos.

Conta de bens e servizos e fluxos comerciais

A información contida nas táboas permite desagregar a conta de bens e servizos da economía galega. En particular ofrece unha desagregación dos fluxos comerciais na comunidade por destino, na que destaca a información sobre os intercambios comerciais co resto de España. Esta operación estatística é a única fonte estatística oficial que estima os intercambios comerciais entre Galicia e o resto do Estado español.

A produción interior representa o 73% da oferta total da economía, o 25% da produción interior ten como destino a exportación.

CONTA DE BENS E SERVIZOS

Unidade: miles de euros. Prezos correntes

Recursos	2005	Estrutura
Produción	96.626.859	73,2
Impostos sobre os produtos	5.305.681	4,0
Subvencións aos produtos	-223.646	-0,2
Importacións de bens e servizos	30.352.812	23,0
Importacións do resto de España	15.142.789	11,5
Importacións do resto da UE-25	8.653.026	6,6
Importacións do resto do mundo	6.556.997	5,0
Total recursos	132.061.706	100,0

Empregos	2005	Estrutura
Consumos intermedios	53.621.205	40,6
Gasto en consumo final	40.064.331	30,3
Formación bruta de capital fixo	14.298.677	10,8
Variación de existencias	260.197	0,2
Exportacións de bens e servizos	23.817.296	18,0
Exportacións ao resto de España	12.780.832	9,7
Exportacións ao resto da UE-25	7.959.286	6,0
Exportacións ao resto do mundo	3.077.178	2,3
Total empregos	132.061.706	100,0

Fonte: IGE. Marco Input-Output de Galicia 2005

Oferta

As táboas de orixe e destino permiten coñecer qué ramas de actividade xeran o PIB galego, qué produtos producen e os destinos destes produtos. Na estimación do Produto Interior Bruto de Galicia polo lado da oferta destaca o peso do sector servizos na economía galega, que alcanza un 56% do PIB xerado na comunidade en 2005, dos que preto do 80% son servizos de mercado. O sector primario achega un 4,7%, a enerxía un 3,8% e a industria e a construción un 13,6% e 11,4% respectivamente.

Demanda

Dende a perspectiva da demanda o gasto en consumo final representa o 82,7% do PIB galego e o investimento alcanza o 30,3%. Esta achega da demanda nacional implica un déficit comercial da economía galega de 13% do PIB galego. O saldo negativo é especialmente importante nos intercambios co resto do mundo e coas outras comunidades de España.

Rendas

A distribución das rendas xeradas no proceso produtivo distribúese de xeito similar entre o factor capital (43,4%) e o factor traballo (45,7%). O 10,9% restante son os impostos netos de subvencións, coas que as administracións públicas realizan a función de redistribución da renda.

CADRO MACROECONÓMICO

Unidade: miles de euros. Prezos correntes

Demanda	2005	Estrutura
Gasto en consumo final	39.788.776	82,7
Gasto en consumo final dos fogares residentes (en termos nacionais)	29.891.060	62,2
Gasto en consumo final interior dos fogares	30.166.615	62,7
Gasto en consumo final interior dos fogares non residentes	-1.838.782	-3,8
Gasto en consumo final dos fogares residentes realizado fóra de Galicia	1.563.227	3,3
Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	9.897.716	20,6
Individual	6.188.971	12,9
Colectivo	3.708.745	7,7
Formación bruta de capital	14.558.874	30,3
Formación bruta de capital fixo	14.298.677	29,7
Variación de existencias	260.197	0,5
Exportacións de bens e servizos	25.656.078	53,4
Exportacións ao resto de España	12.780.832	26,6
Exportacións ao resto da UE-25	7.959.286	16,6
Exportacións ao resto do mundo	3.077.178	6,4
Gasto en consumo final interior dos fogares non residentes	1.838.782	3,8
Importacións de bens e servizos	31.916.039	66,4
Importacións do resto de España	15.142.789	31,5
Importacións do resto da UE-25	8.653.026	18,0
Importacións do resto do mundo	6.556.997	13,6
Gasto en consumo final dos fogares residentes realizado fóra de Galicia	1.563.227	3,3
PRODUTO INTERIOR BRUTO A PREZOS DE MERCADO	48.087.689	100,0

Oferta	2005	Estrutura
VEB Agricultura, gandería e pesca	2.252.487	4,7
VEB Enerxía	1.820.301	3,8
VEB Industria	6.536.978	13,6
VEB Construción	5.462.910	11,4
VEB Servizos de mercado	20.775.535	43,2
VEB Servizos non de mercado	6.157.443	12,8
Impostos netos sobre os produtos	5.082.035	10,6
PRODUTO INTERIOR BRUTO A PREZOS DE MERCADO	48.087.689	100,0

Rendas	2005	Estrutura
Remuneración dos asalariados	21.973.109	45,7
Soldos e salarios	17.115.970	35,6
Cotizacións sociais	4.857.139	10,1
Excedente de explotación bruto / renda mixta bruta	20.884.173	43,4
Impostos netos sobre a produción e as importacións	5.230.407	10,9
IVE	3.220.651	6,7
Outros impostos sobre os produtos	2.085.030	4,3
Subvencións aos produtos	-223.646	-0,5
Outros impostos sobre a produción	522.532	1,1
Outras subvencións sobre a produción	-374.160	-0,8
PRODUTO INTERIOR BRUTO A PREZOS DE MERCADO	48.087.689	100,0

Fonte: IGE. Marco Input-Output de Galicia 2005



Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=006006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>